

Comunicado nº 036/19

18 de Marzo de 2019

COMISIÓN GALEGA DE KARTING:

Ante os últimos acontecementos da proliferación de campionatos sociais que están a crear unha falsa expectativa da validez da “Licencia Autonómica Única” de Galicia, infórmase:

- 1.- Que ditas probas non puntúan para o Campionato de Galicia de Karting.
- 2.- Para as mesmas non son operativas as “Licencias Autonómicas Únicas” de Galicia.
- 3.- A cobertura do seguro da “Licencia Autonómica Única”, de Galicia, non é efectiva en caso de accidente nos devanditos campionatos sociais.
- 4.- As coberturas de aseguramento só son efectivas si as probas están aprobadas e recoñecidas baixo o amparo legal da Federación Galega de Automobilismo.
- 5.- A Federación Galega de Automobilismo advirte ós posibles participantes dos campionatos sociais, que se fagan en Galicia, **da obrigatoriedade da contratación de seguro de responsabilidade civil do que poida ocorrer a terceiros.**
- 6.- A Federación Galega de Automobilismo advirte ós posibles participantes dos campionatos sociais, que se fagan en Galicia, **da obrigatoriedade de seguro de accidentes ós deportistas.**
- 7.- Calquera incidencia ou ilegalidade, que ocorra, nos circuitos onde se celebren os campionatos sociais, **é responsabilidade directa do promotor e subsidiariamente do titular propietario da instalacións (Concello).**
- 8.- Os deportistas teñen que estar amparados de conformidade co artigo 14 (Anexo II) do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, no eido de aseguramento.
- 9.- A Asesoría Xurídica, da Federación Galega de Automobilismo, tomará as medidas legais oportunas que houbera lugar en aras da protección dos deportistas e das lagoas administrativas dos circuitos onde se celebren probas sen as coberturas mínimas esixibles por Lei.